

A LEI MORAL EN KANT

Na investigación acerca das posibilidades do noso coñecemento teórico, Kant descobre que só é posible coñecer algo porque a mente posúe unhas estruturas anteriores a calquera experiencia (a priori). Na investigación acerca do que debemos facer, no campo da ética, Kant tentará mostrarnos que a base da moralidade, a lei que nos di como actuar (o imperativo), está tamén na nosa mente «a priori». A razón que produce ciencia acerca do mundo é a mesma que delibera acerca da mellor norma a seguir nas nosas accións, o único que cambia é o uso da razón, que vai ter agora un uso práctico. Os principios morais deben ter o seu fundamento na razón (práctica), pero só no que respecta á súa estrutura, en canto á súa aplicación, isto depende da experiencia e, polo tanto non é universalizable.

A ética formal fronte as éticas materiais

A ética que nos propón Kant é unha ética formal e non unha ética material. A primeira **móstranos como debe ser a forma das nosas accións para que poidan ser consideradas morais**. A segunda basea a moralidade ou inmoralidade das accións na finalidade que perseguen. Kant afirma que as éticas materiais non poden considerarse universais, ni obrigatorias, porque a finalidade é sempre contingente (pode producirse ou non). Se baseamos as nosas accións nos fins que pretendemos conseguir, formúlase nos dous problemas fundamentais: O primeiro que non sempre podemos conseguir ese fin e, na práctica poden xurdir moitas circunstancias que, pese as nosas boas intencións, alteren o resultado da acción. O segundo que non todos estamos de acordo acerca de que fins son os que se perseguen. É certo que todos os homes buscan a felicidade, pero non todos a atopan do mesmo xeito e, o que a un lle produce felicidade, pode producir noutros o efecto contrario.

A lei moral debe ser unha lei universal, logo debe explicarme como obrar en calquera circunstancia, calquera tempo e calquera lugar sen estar suxeita a condición algunha, logo ten que ser unha lei moral que me subministre unha **forma**, non un contido. A lei moral expresa o **deber** de executar a acción que se manda, pero ese deber non pode fundamentarse en ningún desexo persoal, nin sequera colectivo, porque entón nunca sería unha lei universal. Tampouco pode estar baseado nos resultados das accións, pois estes non dependen da nosa vontade, senón das circunstancias. Kant afirma que a lei moral ten que ser válida por si mesma, sen acudir para fundala a ningún elemento estrño á lei mesma.

O deber

No conxunto das accións humanas que non vulneran a lei moral, Kant distingue dous tipos:

a) Aquelas accións que non vulneran a lei moral, porque están de acordo con ela, pero que, porén foron levadas a cabo en base a unha inclinación natural, ou á busca dunha finalidade allea a lei. Neste caso a acción será conforme ao deber, pero non foi feita por deber, senón por outras causas

b) As verdadeiras accións morais son as que seguen á lei polo mero respecto á lei. Estas accións son accións feitas por deber. Nas accións feitas por deber, cobra verdadeiro sentido a acción moral como actuación da razón práctica, porque nelas o individuo demostra a autonomía da súa vontade respecto ás influencias exteriores e, tamén respecto aos instintos e paixóns que lle impón a súa natureza. A vontade autónoma é a expresión da razón na actividade práctica e nela fúndase a actividade moral, segundo Kant.

A boa vontade

Cando a vontade humana respecta a lei, que a súa razón captou como universal e necesaria, a vontade é boa. A boa vontade é o único que se pode considerar como bo sen restricións. Todos os bens que se poden propoñer á vontade poden ser ou non ser queridos ou útiles, segundo as circunstancias. Pero unha boa vontade, isto é unha vontade disposta a actuar sempre racionalmente, segundo os ditados da súa razón, pódese considerar sempre boa de xeito universal. Unha vontade será boa cando obre por deber, e este obrar por deber significa ser completamente independente de fins e condicións, non estar suxeito a nada, só a máxima persoal que nos move á acción, pero que un decidiu libremente. A conciencia persoal converteuse entón no único xuíz posible das nosas accións.

A vontade móvese a accións a través de máximas que constitúen os principios persoais e subxectivos

da acción. O que me move á acción podería ser como dixemos a felicidade, pero entón non teremos unha acción válida universalmente. A máxima moral ten que ser a de actuar por deber, por respecto á lei moral. A lei moral exprésase nun imperativo ¿Como se formula ese imperativo que non contén ningún tipo de contido práctico e concreto?

O imperativo categórico. Formulacións.

Kant fai a análise dos distintos tipos de imperativos ou mandatos que se poden impor á vontade desde o entendemento e conclúe que os imperativos morais son aqueles que fan que algo sexa necesariamente bo, contrapoiñéndoos aos técnicos e pragmáticos (que dependen do fin a conseguir e son denominados hipotéticos).

Os imperativos hipotéticos teñen sempre unha estrutura condicional (si... entón), polo que non poden ser universalmente verdadeiros. Neles a obediencia ao deber aparece condicionada por algo que se quere conseguir. Se ese fin non fose posible o imperativo carecería de función e validez. Por exemplo: se queres conseguir a felicidade, ama ao teu próximo. Claro que, se non se quere ser feliz.... non se ve porque debería amarse o próximo.

Os imperativos categóricos en cambio obrigan incondicionalmente, e prescriben a moralidade a modo de xuízos sintéticos a priori, son principios a priori constitutivos da moralidade. Imperativos categóricos só pode formularse un, xa que o que expresa é a forma das acción e esa debe ser sempre a mesma. Kant, poren, expresa o imperativo categórico de varias formas:

a) A primeira formulación expresa como se funda a lei moral na racionalidade humana, por iso insiste na necesidade da súa universalidade. A formulación é a seguinte :“Obra segundo a máxima que podas querer que se converta ao mesmo tempo en lei universal.»

b) A segunda formulación do Imperativo, insiste en que o fundamento da lei moral está na natureza racional do ser humano, considerándoa como un valor absoluto. O ser humano racional é un fin en si mesmo e, polo tanto, non pode ser usado como un medio para conseguir calquera outro fin. O único ámbito onde ten sentido falar da moralidade e nas relacións humanas, é entre humanos onde se definen as acción. O reino da liberdade é segundo Kant o reino dos seres racionais. O que chamará reino dos fins: «Obra de tal modo que te relaciones coa humanidade, tanto na túa persoa como na de calquera outro, sempre co un fin, e nunca só como un medio.» Ou de expresado doutra maneira, «Obra seguindo as máximas dun membro lexislador universal nun suposto reino de fins.»

c) A terceira formulación formula as características de universalidade e necesidade, pero ademais tenta incluír a idea de home como lexislador, non só de si mesmo, senón da natureza (tal como xa se fixera ver na análise teórica da razón). A terceira formulación é a seguinte: «Obra como se a máxima da túa acción debера converterse, pola túa vontade, en lei universal da natureza.»

Como vimos, Kant fundamenta o imperativo moral na capacidade da razón humana de darse unha lei a si mesma, ou o que é o mesmo na vontade libre e autónoma do ser humano. O ser humano dáse a si mesmo a norma moral, e esta lei moral só ten dúas restricións: ten que valer como lei universal e ten que respectar a liberdade dos outros.

A autonomía da vontade e liberdade.

Na busca dunha maior explicación e mesmo do fundamento do imperativo categórico, chega Kant ó concepto de **autonomía da vontade**, á idea da «vontade de todo ser racional como unha vontade universalmente lexisladora. Aquí, na autonomía da vontade, atoparíamo-lo verdadeiro principio da moralidade, o fundamento dun deber incondicionado: xa non se trata dunha acción necesaria por algún interese e por tanto condicionada, senón dun deber ó porque ten que someterse a vontade precisamente porque ela lexisla universalmente. O fundamento supremo do deber e da moralidade está pois na capacidade lexisladora universal da vontade que ten que someterse á súa propia lei, é dicir, na autonomía da vontade. Por iso a terceira formulación do imperativo categórico aparece en Kant como «o principio de toda vontade humana como unha vontade lexisladora por medio de tódalas súas máximas universalmente». Cando a vontade busca a lei fóra de si mesma nalgún obxecto —pracer, felicidade, etc— o resultado será a heteronomía; só cando a vontade se dá a si mesma a lei estamos nunha moral

autónoma, que non é ausencia de lei, senón a racionalidade da lei que dará como resultado a moralidade e por ende a liberdade.

Os postulados da razón práctica:

A finalidade última da moralidade e a consecución do **supremo ben**, que como xa vimos non pode estar en ningún ente nin propiedade concreta, pero que, porén todos entendemos que é a felicidade. A **felicidade debe constituír a consecuencia da moralidade, aínda que non a súa condición**. Agora ben, Kant móstranos que para que esa consecución do supremo ben sexa posible, e tamén para que sexa posible o exercicio mesmo da moralidade é necesario formular tres postulados: a posibilidade da liberdade, a inmortalidade da alma e a existencia de Deus.

1. **A liberdade da vontade:** só ten sentido falar da moralidade desde o ámbito da liberdade, que leva como consecuencia o concepto de responsabilidade moral. O deber moral implica poder actuar libremente con independencia das causalidade mecánica e determinista.

2. **A inmortalidade da alma:** neste mundo o tempo é limitado e sería imposible chegar a ser autenticamente morais. Por iso necesitamos que a alma sexa inmortal para proseguir no camiño da consecución da moralidade e ser tratados de acordo con isto.

3. **A existencia de Deus:** Neste mundo, case nunca se da o caso de que unha vida virtuosa sexa unha vida feliz, pero a finalidade das accións humanas (non o seu fundamento) é a felicidade. Poren, a persoa moral e virtuosa é digna de ser feliz e a persoa inmoral debería ser infeliz. Pero isto só Deus pode remedialo. Por iso cre Kant que sería moralmente absurdo que Deus non existise para darlle a cadaquén o seu merecido: só el pode reparar o sufrimento dos xustos e a alegría dos malvados. Na idea de ben supremo conflúen virtude e felicidade, e dicir, nunha situación ideal non habería contradición entre o fin que persigo (felicidade) e o que debo facer (lei moral). En efecto, Kant, como bo cristián, cre na idea dunha orde moral do mundo. Ao manter estes tres postulados, Kant deixa aberta a porta das crenzas relixiosas.

Os tres postulados da razón práctica: liberdade, inmortalidade e Deus, serven de guía e referencia á racionalidade práctica á hora de emitir xuízos morais, ou ben de executar accións. Aínda así este postulados non son verdades científicas senón que son meras ideas reguladoras que permiten contestar á pregunta ¿Que debo facer?. A resposta a esta pregunta non depende da verdade dos postulados, pero vese facilitada e garantida por eles.

Unha das maiores achegas da ética de Kant foi separar os ámbitos da moral e da relixión. O fundamento das accións morais non pode residir na crenza relixiosa (non demostrada e imposible de demostrar) porque debe ser universal e necesaria, por iso debe estar baseada só na razón humana. Porén Kant deixa entrever que a relixión bríndalle ao home a esperanza de que as súas accións poidan acadar a perfección. ¿Que me está permitido esperar?: unha vida eterna e que Deus exista como garantía de que se pode alcanzar o ben supremo.